

Visita da escola de Lago á oficina de

Correos de Valdoviño

Resumo do traballo que se fixo na escola

Preguntas que fixemos o 21-10-2009:



Oficina de correos

Que horario tedes?

Atención ó público

- Nós somos unha oficina técnica (desde hai 3 anos) e témolo

horario de 8 e media a 2 e media. Hai lugares, como Ferrol que teñen unha oficina principal e teñen horario todo o día. Tamén hai oficinas auxiliares, etc, para cada categoría, ou tipo de oficina, hai un horario.



María acompañanos tamén

Que días de traballo tedes ?

- De luns a sábado.

É o mesmo que en todas as oficinas postais de España?

- Sí, cada categoría de oficina coincide no horario, en toda España.

Como estades nesta oficina?

- Un director, 1 de atención ó cliente (que son eu e chámome Silvia) e 5 carteiros que fan:

- 1- Pantín, Vilaboa e Loira.
- 2- Meirás e Sequeiro.
- 3- Lago e a parte rural de Valdoviño.
- 4- Valdoviño, zona urbana.
- 5- Vilarrube.

Cartas certificadas que virán recoller, clasificadas por parroquias.



Unha carteira clasifica cartas normais nos espazos que lle corresponde: por lugares das parroquias.

Cal é o horario dos carteiros e cal o seu traballo?

-De 8 e cuarto ata as 3 h. da tarde e logo pola tarde teñen que prepara-las cartas por orde, mirando polas referencias dos lugares para logo non perder tempo en ir e vir polas parroquias...

Os carteiros tamén recollen as cartas que a xente pon nos buxóns das parroquias para traelas a Valdoviño e que se envíen.

É Difícil?

- Sí, nas oficinas rurais normalmente sí, por iso ninguén quere vir traballar a Valdoviño porque as casas non teñen nºs e a xente pon os enderezos incompletos. Os carteiros que coñecen ás familias saben ca como organizalas e repartilas pero os que acaban de chegar teñen que traballar moito mirando na carpeta das referencias dos nomes cos lugares. En Ferrol por exemplo, o carteiro leva un plano e a lista de: "en barrio", e cos nomes das rúas e cos números ca sabe ordenar e ir sen problemas... mesmo na zona rural de Ferrol tamén o teñen todo numerado e así é máis doado.

E en Ferrol cantos carteiros hai?

- Hai 35.

Non souperon explicarnos por que é así o símbolo de Correos



Como vos organizades para clasificar as cartas e paquetes que recibides e que enviades?

- Cando as recibimos ca volo mostramos cando empezamos a explicarvos, pero cando as enviamos metémolas todas nunha caixa, clasificadas só polo tamaño: o de tamaño normalizado, e os outros de tamaño especial... e van para Santiago neste carro, nun camión (aínda que haxa cartas que veñan para eiquí o lado, como a rosa para Vilaboa) Alí, na CTA de Santiago (que fixeron hai 5 ou 6 anos), contrólanas e mesmo as clasifican, por unhas cintas longas que circulan e logo envíanas pró seu destino, a cada oficina que as teña que distribuir, pero eiquí hai que volvelas a clasificar...

Hai moita diferenza entre a correspondencia dunha parroquia a outra? Quen envía máis ou recibe máis?

- Máis Meirás e Lago, con diferenza, pero porque a cartería de Meirás vai coa de Sequeiro e a de Lago coa de Valdoviño rural.

Que cousas se fan nesta oficina?



- Recibir e repartir cartas e paquetes, certificarlos cando a xente o precisa, ou envialos por urxencia, enviar cartas ó exterior de España, enviar burofax e fax, pagar facturas (como a de Fenosa, da luz, e... danlles de agasallo unha bombilla) recargar teléfonos móbiles... telegramas, xiro de cartas urgente, etc.

Que servizos fan en Correos de Ferrol que eiquí non se fan?

- o correo urxente, o resto é igual ca na nosa.

De que lugares se recibe máis correspondencia?

- De Fenosa e dos bancos.

E que se envía chega ou vai a...? :

Mateo- *Chega moito da Coruña?* -

- Entre esta provincia é de onde máis chega e vai.

Xeila- *e de Ferrol?*

- Tamén é do que máis chega e vai.

Sabela- *é de Alemania?*

- No luzón que temos fora entran moitas para Alemania, son dos turistas que pasan por eiquí.

Laura- *E de Australia?*

- Pois hai un carteiro que manda a amigos que ten alí.

Andrea - *da India?*

- Chegan paquetes dalí, de produtos que encarga a xente.

Andrea e Sabela- *e do Xapón?*

- Igual, de produtos daló que a xente deiquí pide.

Paula - *e de África?*

- Non chega nada.

David - *e de EEUU?*

- Pois cartas e produtos que se piden.

Sara - *e co Brasil?*

- envían cartos aló.

Andrea - *e con Arabia e países árabes?*


- Nada.

Desde que hai Internet notades a baixa de correspondencia?

- Entre particulares foi a menos.

¿Qué cousas novas tedes?

- Os GPS. Antes apuntábanse as cartas certificadas en papeis e a xente asinaba neles cando recibía a carta ou paquete, agora lévanos anotado no GPS e asina nel o que o recibiu...



Etiquetas prós paquetes certificados



En Ferrol

